XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa

APEE
Organismo Autónomo Programas Educativos Europeos

ACTIVIDADE PORTFOLIO DE ADULTOS Curso 2011/20121	
TÍTULO DA ACTIVIDADE	"*When in Rome, do as the Romans do*" Adquirir coñecemento da sociedade e da cultura das comunidades en que se fala inglés, o que implica -entre outros- aspectos tales como ceremonias, celebracións ou festividades.
IDIOMAS	□ GALEGO □ FRANCÉS □ OUTRAS LINGUAS: □ CASTELÁN □ ALEMÁN □ INGLÉS □ ITALIANO
DESCRITORES A TRABALLAR	LER ▪ Son capaz de entender rápidamente o contido e a importancia de noticias, artículos ou informes sobre temas do meu interese, e decidir se vale a pena profundizar na súa lectura. ▪ Son capaz de entender reportaxes e artigos de opinión. CONVERSAR ▪ Son capaz de participar con naturalidade nunha conversación ou discusión sobre calquera tema de carácter xeral. FALAR ▪ Son capaz de resumir verbalmente información que inclúa opinións, argumentación e discusión
DESTREZAS QUE SE INCLÚEN	□ COMPRENDER: □ comprensión auditiva / □ comprensión lectora □ FALAR: □ expresión oral / □ interacción oral (conversar) □ ESCRIBIR: □ expresión escrita
OBXECTIVOS	▪ Falar e interaccionar oralmente con fluidez, precisión e espontaneidade, expresando opinión e transmitindo información real. ▪ Comprender información xeral e específica sobre celebracións en diferentes partes do mundo. ▪ Ler información extensa online acerca do tema en cuestión.
NIVEL	B2.1 (Avanzado 1)
SECCIÓN DO PEL	□ BIOGRAFÍA □ PASAPORTE DE LINGUAS □ DOSSIER
PROCEDEMENTO	Esta actividade enmárcase dentro dunha tarefa titulada "SOCIALISING" (relacións sociais, persoais, aspectos culturais, etc.), dentro da cal se inclúe unha microtarefa centrada nas costumes e celebracións de diferentes países anglófonos. Neste senso, os alumnos deben ser capaces de comparar e

Modelo: MD55EST104/Revión: (00) 15/10/2004

	reflexionar acerca de diferentes aspectos socioculturais existentes entre o país de lingua estranxeira e o seu propio. a. Tras ter traballado en sesións anteriores con aspectos léxicos (English Collocations in Use, upper-intermediate) e de comprensión oral (http://learnenglish.britishcouncil.org/en/magazine/crazy-festivals), relacionados con este tema, comeza unha nova sesión cunha breve actividade introductoria que consiste na análise dunha viñeta cómica relacionada coas celebracións e tradicións (anexo 1). Ó longo de todo o curso, trabállase bastante con viñetas, tiras humorísticas, etc, xa que este é un punto importante da programación de Avan 1. b. Facemos unha chuvia de ideas con celebracións típicas de países anglófonos. Tras isto, os alumnos (en parellas) teñen que navegar pola web e buscar información concreta sobre unha de estas celebracións mencionadas previamente (anexo 2). Como requisito, pídeselles que utilicen –cando menos- tres fontes de información diferentes. En caso de estar apremiados polo tempo, podemos pedirlles ós alumnos que realicen esta actividade previamente na súa casa. c. Cada parella de alumnos explica oralmente en que consiste a celebración que elixiron. Mentras tanto, os demais alumnos toman notas sobre cada unha das celebracións mencionadas (anexo 2). d. Unha vez rematado este primeiro paso de intercambio de información, os alumnos organízanse en grupo de modo que cada grupo teña persoas de celebracións diferentes. Os alumnos comparan, nun primeiro paso, as diferentes celebracións anglófonas entre si. Nun segundo paso, coméntanse as diferenzas máis notables entre estas celebracións e as nosas propias españolas e/ou galegas.
AVALIACIÓN: **Seguimento**	Pola parte do profesor, realízase un seguimento continuo dos alumnos no desenrolo da tarefa, tanto a nivel individual como en grupo. Do mesmo xeito, os alumnos tamén son implicados na tarefa de avaliación. Así: Na actividade ***c.*** grabamos ós alumnos durante a súa explicación individual. Mentras tanto, o profesor toma notas e os demais alumnos escoitan e recollen información para unha posterior posta en común. Ó rematar a sesión o profesor envía a cada alumno a súa pista de audio e cada alumno individualmente debe valorar a súa intervención usando a

Modelo: MD55EST104/Revión: (00) 15/10/2004

	táboa de avaliación empregada nos cursos de certificación, coa que os alumnos xa están familiarizados. Pasadas dúas sesións, unha vez que cada alumno se evalúe a si mesmo, o profesor daralle feedback preciso sobre a súa intervención. Do mesmo xeito, antes de comezar a actividade ***d.*** comentamos/recordamos os aspectos máis relevantes que se deben ter en conta á hora levar a cabo unha interacción satisfactoria e adecuada ó seu nivel: organización de ideas, habilidades de negociación, recursos lingüísticos, etc. Ó remate da tarefa, avaliamos conxuntamente ata que punto puidéronse desenvolver eses aspectos, e que factores impediron que se alcanzasen satisfactoriamente (tempo de preparación, falta de familiarización co novo léxico, etc.).
AVALIACIÓN: **Nivel de participación**	No caso da avaliación da actividade ***c.***, houbo un alto grado de interés, se ben non todo o alumnado traballou sobre a táboa de avaliación, xa que era preciso facelo na casa a partir da escoita da súa intervención. No tocante á actividade ***d.***, a participación foi total, xa que se fixo en clase e tódolos alumnos participaron, en maior ou menor medida.
IMPACTO PREVISTO	Aínda que non todo o mundo tomou parte de todo o proceso de autoavaliación, en xeral coido que o impacto foi moi positivo. O alumnado non só recibiu comentarios avaliativos do profesor, senón que tamén tivo a oportunidade de coñecer que e como vai ser avaliado.

Modelo: MD55EST104/Revión: (00) 15/10/2004

Anexo 1



a) What is the point of the cartoon?

b) Is it true that we Spaniards love bullfighting so much?

c) Can you think of any celebrations in Spain that are part of the cultural heritage of another country?

d) What traditions do you think we are more proud of? Explain why

e) Do you think the younger generations are breaking traditions? Give examples

Anexo 2

Festivity?	
Where is it celebrated?	
When is it celebrated?	
How is it celebrated?	
Symbols/Icons?	
Further information	